

Textos e actitudes

Letras galegas na Guerra Civil



RAMÓN NICOLÁS

Coinciden no tempo da súa publicación dous voluminosos ensaios que, da man do profesor Xesús Alonso Montero, exploran dimensións sociais, políticas e literarias do noso pasado literario máis inmediato, sobre todo aquel que a afonda a súa razón de ser nos tempos da república, a guerra civil e o franquismo. Arredor dun destes ensaios —*Intellectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia (1920-2006)* (Xerais, 2006) — xa nos ocupamos oportunamente hai unhas semanas nestas mesmas páxinas e, arestora, corresponde que nos deteñamos no seu *Os escritores galegos ante a guerra civil española (1936-1939). Textos e actitudes*, que ve a luz na editorial Galaxia.

Como desde o seu título ben se manifesta a presente publicación analiza, herboriza e trae para o presente un monllo de textos e de reflexións arredor das actitudes e activida-

que non só (véxase ao respecto as páxinas dedicadas á actitude da Igrexa católica no conflito bélico e en anos posteriores), cifrados nas voces franquistas que escriben en galego —Herminia Fariña ou Mercedes Viso Troncoso—; noutras que proceden de autores silenciados definitivamente polo “ferro irado” —Gómez del Valle ou Blanco Torres— ou naquelas que, escribindo en galego, non chegaron a materializarse en forma de publicacións naquel tempo —Otero Pedrayo

que se refire ao case que enciclopédico labor de esculca e interpretación que aquí se condensa como pola utilidade que revela ao ofrecer unha vizosa fonte de información desde a que se poida, en palabras do autor, confirmar, matizar ou mesmo cuestionar estas propostas. Páxinas hai aquí, xaora, que vai alén do ámbito estritamente biográfico, convertidas xa nunha inestimábel ferramenta de análise e que, nun sistema normalizado, talvez poderían, ou deberían, alimentar certa polémica enriquecedora como as rigorosamente fundamentadas que aquí se expoñen dedicadas a

UN TRABALLO QUE
NON DEBERÍA
PASAR
INDIFERENTE
DENTRO DO EIDO
DO ENSAIO GALEGO

de literaria que exhiben os escritores galegos nun contexto moi concreto e non exento de complexidade como foi o da Guerra Civil. Deste xeito, o lector atopará —alén dunha serie de traballos de investigación escritos polo autor en diversas etapas que, até o de agora, estaban dispersos por diferentes publicacións de difícil acceso para o lector non especializado— tanto un bo número de documentos inéditos de moi diferentes autores e outros exhumados practicamente por vez primeira desde que viron a luz orixinalmente, como unha cantidade non despreziábel de ensaios inéditos escritos dalgún xeito ad hoc para esta ocasión.

Quen teña ocasión de debuzarse na lectura deste ensaio atopará, así pois, páxinas iluminadoras que revelan posicionamentos concretos, nas máis das ocasións materializados en forma literaria aínda

(de quen se traza, nun magnífico e elocuente capítulo, a súa exemplar andaina vital tras a guerra civil) ou Evaristo de Sela, fóra de afondar nas dimensións éticas e literarias doutros autores entre os que salientamos ás que se achegan a Tizón Herreiros, Castelao, Carballo Calero, Rey Baltar ou Eduardo Blanco Amor entre outros moitos.

Un traballo, ao meu xuízo, que non debería pasar con indiferenza entre as últimas publicacións de corte ensaístico e que cumpriría valorar na súa xusta medida, tanto polo

Álvarez Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Vicente Risco ou Celso Emilio Ferreiro: estes todos eles fundamentais no noso sistema literario.

ALONSO MONTERO, X. e VILLAR, Miro (coord.), *Gerra Civil e literatura galega (1936-1939)*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 263 páxinas.

